



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E TRES DE ABRIL DE 2020
EXPEDIENTE: 2020/G010/0000003

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Escusan a súa ausencia:

Fátima Insua López

Francisco Javier Rodríguez Souto

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

En Abegondo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de abril de 2020, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

A sesión se realiza de forma telemática por medios electrónicos, como medida de seguridade ante a crise motivada polo coronavirus COVID-19 e o estado de alarma decretado polo Goberno con motivo desta situación e á vista da resolución da Alcaldía do 13/04/2020 sobre as regras para o funcionamento electrónicos dos órganos colexiados.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

2. DACIÓN DE CONTA DAS MEDIDAS ADOPTADAS ANTE A CRISE MOTIVADA POLO CORONAVIRUS E SEGUIMIENTO DA SITUACIÓN
3. DECRETOS DA ALCALDÍA
4. ROGOS E PREGUNTAS

De acordo cos requirimentos establecidos no artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, substitúese a transcripción na acta das opinións dos membros asistentes ao pleno polo rexistro en soporte apto para a gravación e reprodución do son.

Esta acta foi gravada con audio e video. Consta no expediente do Tedec 2020/G010/000003 e en youtube: <https://youtu.be/WVbXRqszZpU>

<https://drive.google.com/file/d/1CH5ZOxucVssZzybulISZNIULRDGaWlt3/view?ts=5ea1e0b8>

A pegada dixital é :

2F9705500B0CC2E18A34062B7B245208EEACDC393832DE9287ED020FDD35F59952AB064FD0405FAA3CF309
1E847D2182F0A6717440A79E5B09B7773FC4C40694h

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente debería consultar aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 10.03.2020 e 04.02.2020 que estaban pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros presentes aproban a acta.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

2. DACIÓN DE CONTA DAS MEDIDAS ADOPTADAS ANTE A CRISE MOTIVADA POLO CORONAVIRUS E SEGUIMIENTO DA SITUACIÓN

O alcalde, José Antonio Santiso, informou as medidas adoptadas polo coronavirus e abordáronse as dúbidas e preguntas sobre a situación e **agradeceu a AxA a súa cooperación durante a emerxencia**

O representante do grupo político AXA, Roberto Gómez agradeceu o traballo do alcalde, concelleiros e técnicos municipais, explicando que decidiron manterse en silencio estas semanas para non interferir de ningunha maneira.

O alcalde relatou que se realiza un seguimento exhaustivo desde o inicio de toda a incidencia da emerxencia na poboación de Abegondo, tanto a nivel da enfermidade como das súas consecuencias. Santiso explicou que por sorte a día de hoxe non ten constancia de ningunha persoa falecida por COVID-19. E os positivos rexistrados, uns 16, dos que algún estivo ingresado no hospital, xa están en casa evolucionando mellor. Sinalou, á vez, que os contaxios producíronse externamente ao municipio, algúns nunha viaxe do Imserso, outros no hospital e outros por ser traballadores no sector da xeriatría.

Dos case 1.000 participantes do programa de actividades culturais e deportivas, un 80% mantivéronse nas actividades, e un 20% déronse de baixa. Este apoio posibilitou que o programa continuase, favorecendo ao persoal da empresa., indicou o alcalde, e afirmou que podíamos cancelalas, pero optamos por continualas por vía telemática e mantelas vivas?, asegurou o alcalde, que agradeceu a resposta veciñal. Tamén mostrou a súa total comprensión coas persoas que decidiron darse de baixa.

En canto ás familias con máis dificultades, apuntouse que desde Servizos Sociais e Protección Civil están a aterse todas as necesidades, levando a compra de alimentación ou farmacia. Anunciou a doazón por parte de empresas de restauración do municipio de alimentos perecedoiros, que o Concello procederá a levar a veciños con menos recursos.

Por último, en canto a material de protección, explicou que o Concello conta con máscaras a disposición da poboación que o necesite e a expensas das directrices do Goberno do Estado para a súa repartición.

O voceiro de AxA, Roberto Gómez Lesta solicitou aclarar un par de dúbidas en canto ao volume de material sanitario



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

que tén o concello, ao que o alcalde aclarou que tén mascarillas para os veciños, pero no para varias ocasións porque son dun só uso e as usarán en canto o Estado o indique.

Outra dúbida aclarada foi unha realizada en canto os votos, na que o secretario rpondeu que irá dicindo nomeadamente aos voceiros para a votación.

3. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

4. ROGOS E PREGUNTAS

Non habendo rogos e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás trece horas e corenta e nove minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.es\]](https://sede.abegondo.es) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.